



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 30 DE NOVEMBRO DE 2018 RESOLVENDO OS RECURSOS DE REPOSICIÓN E MODIFICANDO AS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DEFINITIVA DUNHA PRAZA DE "TÉCNICO/A DE XESTIÓN DO MEDIO AMBIENTAL", CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2017 (BASES PUBLICADAS NO BOP Nº 246 DO 26/10/2018, NO DOGA Nº 210 DO 5/11/2018 E NO BOE Nº 276 DO 15/11/2018).

En sesión celebrada o día 30 de novembro de 2018, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Estimar o recurso do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, interposto por Don Pedro Calaza Martinez, en representación deste, para que se inclúa, dentro das Bases específicas da convocatoria do proceso selectivo da praza de Técnico/a de Xestión Medio Ambiental, a titulación universitaria de Enxeñeiro Agrónomo.

2º.- Estimar o recurso de Don Oriol Sarmiento Díez, en representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, para que se inclúa, dentro das Bases específicas da convocatoria do proceso selectivo da praza de Técnico/a de Xestión Medio Ambiental, a titulación universitaria de Enxeñeiro Industrial.

3º.- Modificar as Base Específica 4, que rexerá o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a provisión definitiva da dita praza conforme ao seguinte:

Nº VAC.	DENOMINACIÓN	TITULOS ACADÉMICOS
1	TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE MEDIO AMBIENTAL	<ul style="list-style-type: none"> • Estar en posesión do título universitario de: <ul style="list-style-type: none"> a) Grado ou, se é o caso, a equivalente Licenciatura: Grado en Enxeñería Química, Grado en Bioquímica e Bioloxía, Grado en Química, Grado en Bioloxía, Grado en Biotecnoloxía, Grado en Ciencias Ambientais, Grado en Bioquímica, Grado en Enxeñería Forestal (nas súas diversas denominacións, tal como Grado en Enxeñería Forestal e do Medio Natural) e Grado en Enxeñería Agrónoma. b) Enxeñería Técnica Forestal e Enxeñería Técnica Agrícola (nas súas diversas denominacións). c) Enxeñería Industrial. d) Titulacións Universitarias recoñecidas oficialmente como equivalentes das descritas nos apartados anteriores. e) Calquera outra titulación universitaria en cuxo plan de estudos se acredite a inclusión substancial de áreas de coñecemento e materias relativas ao Medio Ambiente.

4º.- Ordenar a publicación desta modificación das Bases Específicas no BOP, así como no taboleiro de edictos do Pazo Provincial e na páxina web corporativa, para xeral coñecemento.

5º.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes, reiniciando o cómputo do mesmo con efectividade do día seguinte ao de publicación do anuncio desta ampliación das titulacións de acceso ao proceso selectivo, para garantir o dereito de participación de aquelas persoas tituladas universitarias en Enxeñería Agrónoma e Enxeñería Industrial que desexen participar".

Contra o presente Acordo, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte da publicación do Anuncio no Boletín Oficial do Estado, e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 5 de decembro do 2018.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3484

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 10/12/2018
ata a día 10/1/2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA



**ABRIRASE DE NOVO O PRAZO DE
PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS A PARTIR DO
DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DEST
ACORDO NO BOE**